



PROXECTO PILOTO DE SEGUIMENTO DE GRAOS E MÁSTERES

Convocatoria 2010

Este documento é propiedade da ACSUG. Non está permitida a reprodución total ou parcial, nin o seu tratamento informático, nin a transmisión de ningunha forma ou por calquera medio, sen o permiso previo e por escrito da ACSUG, a cal non poderá ser considerada responsable de eventuais erros ou omisións na edición do documento.

1. Introducción

Segundo o que se establece no Real Decreto 1393/2007, de ordenación das ensinanzas universitarias oficiais, correspóndelle a ANECA e aos órganos de avaliación que a Lei das Comunidades Autónomas determinen, facer o seguimento dos títulos rexistrados no RUCT (Rexistro de Universidades, Centros e Títulos), baseándose na información pública dispoñible, ata o momento que deban someterse á avaliación para renovar a súa acreditación.

Neste contexto, a Axencia para a Calidade do Sistema Universitario de Galicia (ACSUG) considera necesario a realización dun proxecto piloto que facilite o establecemento dun marco de referencia propio sobre o seguimento dos títulos oficiais e compatible co artigo 27 do Real Decreto 1393/2007.

O proxecto proposto pola ACSUG ten carácter de participación voluntaria coa recomendación de que cada universidade participe con dous títulos, un grao e un máster. Incluír un máster totalmente implantado permitirá dispoñer da práctica totalidade dos indicadores e evidencias, así como dunha imaxe moito máis completa do funcionamento do sistema de información pública e da implantación do seu sistema de garantía de calidade, establecido na memoria do título.

2. Obxectivo da convocatoria

O obxectivo que se pretende cubrir coa presente convocatoria é traballar coas universidades no deseño dun documento marco de referencia para o seguimento dos títulos que imparten, no relativo á recollida das evidencias e indicadores máis significativos.

Coa selección dun número reducido de evidencias e indicadores preténdese que a reflexión das universidades sobre as súas ensinanzas, se concentre nuns poucos elementos críticos comúns a todos os títulos de grao e máster das tres universidades, que faciliten a elaboración do informe anual de seguimento e plan de mellora dos títulos, sen esquecer todos os datos derivados da implantación dos Sistemas de Garantía Interna de Calidade (SGIC) dos centros, nos que os títulos poden fundamentar a súa reflexión.

3. Procedemento para presentarse á convocatoria

Os títulos interesados deberán cubrir a solicitude de participación no proxecto piloto de seguimento segundo o modelo que figura no **anexo I** deste documento. A solicitude deberá levar a sinatura do representante do título, do representante do Centro e do Reitor ou persoa da universidade en quen delegue.

A solicitude deberá enviarse a través das Vicerreitorías de Calidade á **ACSUG**, á dirección de correo electrónico seguimento@acsug.es e por correo postal a:

ACSUG – Proxecto Piloto de Seguimento
Rúa Lamas de Abade, s/n
Edif. CIFP Compostela-5ª planta
15702 Santiago de Compostela

A presentación da solicitude implica a aceptación das condicións desta convocatoria.

O prazo de presentación de solicitudes á ACSUG será **ata o 15 de marzo de 2010**.

O prazo de presentación do “Informe anual de seguimento e plan de mellora” será **ata o 15 de outubro de 2010**.

4. Formalización da participación

A ACSUG publicará na súa páxina Web os títulos participantes na presente convocatoria.

5. Seguimento e coordinación do programa

O seguimento e coordinación do programa realizarase dende a ACSUG.

ANEXO I: Ficha de solicitude

D/Dna. ----- en calidade de representante do título ----- que se imparte no centro ----- da Universidade ----- con domicilio en -----, CIF ----- expoño o interese deste centro en participar no **Proxecto piloto de Seguimento**, e para que conste,

Asdo. Representante do
Título

Asdo. Representante do
Centro

Asdo. Reitor

-----, a ---- de ----- de 2010

Título		
Ciclo	Grao <input type="checkbox"/>	Máster <input type="checkbox"/>
Centro		
Universidade		
Nome da persoa designada para levar o programa		
Cargo		
Enderezo		C.P.
Enderezo electrónico		
Teléfono		